



BANDO

DON RUBÉN GARCÍA FREIJE, ALCALDE DO CONCELLO DE TRABADA, FAI SABER:

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude abre o prazo de presentación de solicitudes para o **BONO EMANCÍPATE NO ANO 2025**:

Obxecto:

Convocar axudar económicas destinadas a persoas mozas traballadoras que aluguen ou adquiran en propiedade unha vivenda, para contribuír a sufragar os **GASTOS DERIVADOS DA MUDANZA**.

Poderán presentar as súas solicitudes as persoas físicas maiores de idade que reúnan os seguintes **requisitos**:

- Ser menos de 36 anos.
- Nacionalidade española ou dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza ou parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso de persoas estranxeiras deben estar en situación de estancia ou residencia regular en España.
- Dispor de, polo menos, unha fonte regular de ingresos na data de solicitude.
- A suma dos ingresos deben ser iguais ou inferiores a catro veces o IPREM, cando a unidade de convivencia a conformen máis de unha persoa. E iguais ou inferiores a tres veces o IPREM cando a conforme o solicitante.
- Contrato de aluguer formalizado en data posterior ao 31/05/2024 e cunha duración mínima dun ano, ou ter subscrito como adquirinte unha escritura pública de compravenda dunha vivenda en data posterior ao 31/05/2024.
- Estar empadroado na vivenda arrendade ou adquirida no momento da solicitude.

O **prazo** de presentación de solicitudes **comezará o 6 de febreiro de 2025 e rematará o 30 de abril de 2025**, ou ata esgotamento do crédito. **Presentaranse** obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Para maior información, así como para axuda na tramitación de solicitudes, no Concello.

En Trabada, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde na data que figura na marxe.

